

UD 4. RESTAURACIÓN, LIBERALISMO E NACIONALISMO

1. RESTAURACIÓN E ONDAS REVOLUCIONARIAS (1815-1848)

1.1. A RESTAURACIÓN ABSOLUTISTA

- 1814-15: Supresión das reformas revolucionarias ⇒ **RESTAURACIÓN**
- Bases do goberno:
 - **Absolutismo**: orixe divina do poder e incapacidade do pobo para gobernar.
 - **Lexitimismo**: poder absoluto dun rei de dinastía antiga.
 - **Equilibrio**: control da orde internacional polas grandes potencias.
 - **Intervencionismo**: fronte aos movementos revolucionarios por solidariedade.
- **1814-15: CONGRESO DE VIENA** ⇒ Austria, Prusia, Gran Bretaña, Francia.
 - * Restaurar os monarcas absolutos.
 - * Equilibrio entre potencias e control de Francia.
 - * Cambios territoriais: creación dos Países Baixos, Confederación Helvética, Confederación Xermánica.
 - ↳ Futuros problemas nacionalistas (diferentes linguas, relixións, etnias).
- 1815: **SANTA ALIANZA** ⇒ Austria, Rusia, Prusia ⇒ Defensa do absolutismo contra o liberalismo.
- 1815-1822: CONGRESOS controlados polas potencias absolutistas.

1.2. AS REVOLUCIÓNS DE 1820, 1830 E 1848

- Obxectivo común: transformar a sociedade e a estrutura do Estado segundo os principios liberais.
- 2 tipos de causas:
 - puntuais (contra algunha medida concreta, crises, etc.).
 - estruturais (cambio de sistema con reformas representativas e constitucionais).
- Efecto de contaxio e reacción do absolutismo.

1.2.1. As revolucións de 1820

- **España**:
 - Pronunciamento militar que inicia o proceso.
 - Esixencia de Constitución e do fin do Antigo Réxime
- Intentos de revolución liberal: Nápoles, Sicilia, Piemonte, Portugal, Rusia.
- Unión Liberalismo+Nacionalismo ⇒ Independencias: **Grecia, Hispanoamérica**.
- Importancia das sociedades secretas de ideoloxía liberal.
- Papel decisivo do exército (levantamento/represión).

1.2.2. As revolucións de 1830

- “*Xornadas Revolucionarias*” que só triunfan en Francia e Bélxica.
- **Francia**: Insurrección contra as medidas autoritarias de Carlos X ⇒ 3 *xornadas gloriosas*
 - ↳ As “4 Ordenanzas”: fin da liberdade de prensa, disolución das Cámaras, goberno por decretos, restrición da base electoral.
 - Os monárquicos constitucionais ofertan o trono a LUIS FILIPE DE ORLEÁNS.
 - ↳ Temen que lles sobrepasen as masas e o republicanismo.
 - Elección do Parlamento ⇒ Vontade da Nación
 - Aceptación da Soberanía nacional.
 - Eliminación da censura.
 - Mantemento do sufraxio censitario.
- **Bélxica** → 1815: Reino dos Países Baixos con Holanda.
 - Diferenzas con Holanda: lingüísticas, sociais, económicas, políticas, relixiosas.
 - Proceso revolucionario ⇒ Goberno independente, monárquico e constitucional.
 - 1831: CONSTITUCIÓN BELGA → Modelo de Constitución liberal clásica.
- **Polonia** → Dividida entre Prusia e Rusia (autonomía).
 - Levantamento liberal por influencia francesa ⇒ Proclamación de independencia.
 - 1831: Represión rusa ⇒ Disolución da Dieta, peche de universidades, exilios, rusificación.
 - Insurrección dunha minoría: intelectuais, funcionarios, nobres empobrecidos.
 - ↳ Non participan: campesiños, obreiros, terratenentes.
- **Imperio** → Austria e Prusia paran os movementos liberais.

1.2.3. As revolucións de 1848

- Maior participación das masas populares ⇒ Conciencia de clase no proletariado.
- **Suiza** → Enfrontamento entre cantóns católicos federalistas e protestantes unitarios ⇒ Constitución modelo EEUU.

- **Francia** → Prohibición dos *banquetes* contrarios a Guizot → Pasividade da Garda Nacional → Barricadas.
 - Abdicación de Luis Filipe e proclamación da **II REPÚBLICA**.
 - Goberno provisional de liberais e socialistas ⇒ Reformas:
 - * Sufraxio universal.
 - * Abolición da escravitude nas colonias.
 - * Liberdade de prensa e de reunión.
 - * Xornada laboral de 10 horas.
 - * Dereito de folga.
 - * Creación dos Talleres Nacionais (plan substituído na práctica por un seguro de desemprego).
 - Eleccións ⇒ Poder da burguesía → Política moderada que rompe a alianza coas clases traballadoras.
 - 1849: Eleccións a presidente da República → LUIS NAPOLEÓN BONAPARTE
 - 1851: Golpe de Estado ⇒ **1852: II IMPERIO (NAPOLEÓN III)**.
 - ↳ Paso dunha República social a un réxime autoritario e monárquico.
- Reivindicacións nacionalistas ⇒ **1848: primavera dos pobos**.
- **Prusia** → Eleccións (sufraxio universal) dun Parlamento que elabore unha constitución federal para Alemaña.
 - ↳ O kaiser non acepta esa Constitución e o Parlamento disólvese.
- **Austria** → Levantamento en Viena ⇒ Destitución de Metternich e abdicación do Emperador en Francisco Xosé I.
 - Levantamentos nacionalistas checo e húngaro sofocados polo exército austríaco.
- **Italia** → Levantamentos liberais con Constitucións en distintos territorios que se misturan co nacionalismo.
 - Represión austríaca en Parma, Módena e Toscana e apoio do Papa ao absolutismo.
- Razóns do fracaso das Revolucións de 1848:
 - ✓ Mellora a crise económica e a masa campesiña teme unha revolución que a prive da propiedade.
 - ✓ Medo da burguesía ás reivindicacións do proletariado ⇒ Retorno a fórmulas conservadoras.
 - ✓ Apoio mutuo dos monarcas absolutistas.
 - ✓ Xefes militares aristocráticos controlan os exércitos e aplastan as revoltas, unidos á monarquía absoluta e aos privilexiados.
 - ✓ Contradicións internas entre os propios revolucionarios.
- Logros do 48:
 - ♦ Luis Napoleón deberá restablecer o sufraxio universal ⇒ Non hai retrocesos nas reformas.
 - ♦ Piemonte configúrase como reino constitucional e liberal, centro de organización da unificación italiana.
 - ♦ Prusia perfílase como reino centro da unificación alemana.
- 1848 ⇒ Separación de camiños entre as correntes pequeno-burguesas democráticas e o movemento obreiro, que adquire unha crecente autonomía nos planos organizativo e estratéxico.

2. O ESTADO BURGUÉS

2.1. PREDOMINIO DA MONARQUÍA CONSTITUCIONAL

- División de poderes.
- Poderes do rei: cabeza do goberno, nomeamento de ministros, participa no lexislativo.
 - Irresponsable ante a lei.
 - Autoritarismo con aspectos do liberalismo nalgúns países (Prusia, Austria).
- Primacía do executivo sobre o lexislativo.
- Bicameralismo: Congreso ou Cámara Baixa e Senado ou Cámara Alta (designación real).
- Partidos políticos: grupos de notables sin disciplina de voto.
- Dereitos e liberdades individuais recoñecidos pero restrinxidos na práctica.
- Sufraxio censitario.
- Supremacía do dereito de propiedade e da liberdade económica.
- Fin S.XIX-Inicio do XX ⇒ Camiño cara á democracia.
 - * Ampliación do dereito de voto ⇒ Manipulación do sufraxio universal polos grupos dominantes.
 - * Consolidación das prácticas parlamentarias en Francia e Gran Bretaña.
 - * Ampliación dos dereitos individuais.
 - * Separación Igrexa-Estado ⇒ Leis anticlericais.
- Nacionalismo de Estado → Centralización política.
 - Homoxeneización da poboación.
 - Conciencia nacional ⇒ identificación de fronteiras do Estado e Nación.
 - Agresividade e glorificación da propia grandeza.

→ Intolerancia coas minorías.

Fin XIX-Inicio XX ⇒ Reivindicacións nacionalistas dos pobos sen Estado.

2.2. DEREITOS POLÍTICOS DAS MULLERES

- Participación das mulleres nas revolucións liberais sen recoñecemento dos dereitos políticos.
- Olimpia de Gouges
- Mary Wollstonecraft
- 1860: Movemento sufraxista.

Gran Bretaña: E. Pankhurst chega á opinión pública coas súas protestas.

3. O NACIONALISMO

3.1. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA DA NACIÓN

➤ A NACIÓN SEGUNDO O PENSAMENTO LIBERAL (CONCEPCIÓN LIBERAL E VOLUNTARISTA)

- Os individuos, diferentes por natureza en dereitos e deberes delegan colectivamente mediante un pacto os seus dereitos de soberanía na comunidade.
- Soberanía colectiva ou soberanía nacional (vontade libre de todo o pobo) depositada nunha organización de carácter político: O ESTADO, encargado de velar polos intereses da comunidade.
- Control do pobo da actuación do Estado por un sistema que represente á maioría.
- Factores definitorios da NACIÓN: carácter político → perténcese a unha determinada nación cando se vive nun mesmo territorio, baixo a mesma lei ou goberno.
 - ↳ Estado lexítimo → Libre participación política dos cidadáns.
 - Libre consentimento dos cidadáns de formar parte del.
- Papel central do Estado ⇒ É anterior á Nación e crea á Nación.
- Lingua oficial única e política de asimilación de diferenzas.
- Principios do S.XX: Aparece a distinción entre NACIÓN e NACIONALIDADE.
 - NACIÓN: Globalidade do Estado (carácter político-xurídico).
 - NACIONALIDADE: Comunidades que dentro do Estado teñen lingua e tradición histórica diferentes.
 - Poden existir varias nacionalidades dentro dun Estado ou nacionalidades repartidas en Estados diferentes.

➤ A NACIÓN SEGUNDO O ROMANTICISMO (CONCEPCIÓN ORGÁNICO-HISTORICISTA)

- Elemento definidor dunha Nación ⇒ *VOLKSGEIST* (*espírito do pobo*): sentimento de pertenza a unha comunidade diferente pola lingua, historia, relixión, costumes...
- NACIÓN: entidade superior aos individuos con orixe remota, destinada a perpetuarse durante xeracións, que se encarna en símbolos.
- Valor central da lingua como expresión do máis puro da Nación.
 - ↳ Renacemento literario de linguas europeas: italiano, catalán, galego.
 - ↳ Fonte continua de conflitos.
- Interese polos estudos xurídicos, xeográficos, históricos, buscando sinais de identidade colectiva nacional.
- Historia ⇒ Instrumento de exaltación patriótica e nacionalista.
 - ↳ Terxiversazóns e manipulazóns do pasado para xustificar o presente.
- Nacionalismo ⇒ Orixe de movementos políticos para reaxustar fronteiras.

➤ A NACIÓN COMO SÍNTESE ORGÁNICO-HISTORICISTA E VOLUNTARISTA

- Necesidade de unir os elementos da interpretación anterior coa vontade de ser Nación dos individuos que a forman.

➤ A CUESTIÓN NACIONAL NO MARXISMO

- Defensa da solidariedade internacional obreira superadora das diferenzas nacionais.
- S.XX: Aceptación do dereito de autodeterminación das nacións como medio de liberación dos pobos sometidos.

3.2. OS MOVEMENTOS NACIONALISTAS

- Tipos → De consolidación (nos Estados-nación consolidados).
 - De afirmación (pobos que loitan por formar un Estado propio) → Nacionalismo centrífugo.
 - Nacionalismo centrípeto.
- Fases
 - 1ª. Minoría interesada pola historia, lingua e cultura do seu pobo.
 - 2ª. Súmanse apoios sociais e aparece a mobilización política.
 - 3ª. Movemento de masas que pode chegar a formar un Estado propio.
- Ideoloxías diferentes: conservadores, liberais, autoritarios, fascistas, de esquerdas...
- Estratexias: axitación pacífica, manifestacións populares, guerra, terrorismo.

3.3. NOVOS ESTADOS. ITALIA E ALEMAÑA

3.3.1. Italia

- División no Congreso de Viena: Piemonte-Sardenha (Estado-tapón), Lombardía-Véneto (influencia austríaca), Parma, Módena, Toscana (príncipes austríacos), Estados Pontificios (Papa), Reino das Dúas Sicilias (Borbóns).
- Extensión da conciencia unificadora en intelectuais, políticos e artistas (Mazzini, Verdi).
- Intereses económicos ⇒ Complementariedade Sur agrícola/ Norte industrial.
- 1848: Fracaso de intentos republicanos e democráticos baseados na insurrección popular.
- Piemonte → Dinastía de orixe italiana (Savoia) con réxime constitucional (Estatuto real).
 - Protagonista da unificación.
- 2 vías:
 - ✱ CAVOUR → Vía aristocrática e reformista.
 - Diplomacia internacional buscando apoios contra Austria.
 - ✱ GARIBALDI → Vía popular e revolucionaria.
 - Insurrección popular (camisas vermellas) contra os gobernos establecidos.
- 1ª Fase (1848-1860):
 - LEVANTAMENTOS DE 1848
 - ⇒ 1848: Insurrección contra Austria ⇒ Apoio de Piemonte.
 - Falta de preparación e medios do exército piemontés.
 - Derrota en Custoza ⇒ Armisticio.
 - ⇒ Roma → Proclamación da República por MAZZINI.
 - 1849: Tropas francesas ocupan Roma e o Papa volve (1850).
 - ⇒ Venecia → República en 1848 (Cae en 1849).
 - GUERRA DE LOMBARDÍA (1859)
 - Cavour ten o apoio francés á unificación italiana.
 - Vitorias de Piemonte en Magenta e Solferino.
 - ↳ Abandonado por Francia ⇒ Armisticio de Villafranca con Austria.
- 2ª Fase (1860-1865)
 - Apoio francés a cambio de Savoia e Niza ⇒ Recoñecemento da perda do poder temporal do Papa.
 - Incorporación das provincias pontificias.
 - Unión por plebiscitos de Parma, Módena e Toscana.
 - Sur → Garibaldi e os 1000 camisas vermellas ⇒ Sicilia e Nápoles.
 - 1861: VÍCTOR MANUEL II de Piemonte proclamado rei de Italia.
- 3ª Fase (1865-1870)
 - 1866: Guerra Austro-prusiana → Triunfo prusiano ⇒ Entrega de Venecia a Italia.
 - 1870: Guerra Franco-prusiana → Francia abandona Roma ⇒ *Lei de Garantías*:
 - Soberanía do Papa no Vaticano.
 - Inviolabilidade da persoa do Pontífice.
 - Garantía de libre acceso para os Concilios.
- Aspectos positivos da unificación:
 - Mesmo código penal, sistema arancelario, moeda.
 - Crecemento económico irregular.
 - Incorporación de Italia á carreira colonial (Libia, Eritrea, Somalia, Exeo).
- Aspectos negativos:
 - Desequilibrio Norte industrial/Sur deprimido.
 - Divorcio intelectuais/masas rurais e urbanas.
 - Rexeitamento de moitos católicos pola solución dada ao Vaticano.
 - Contraste entre o mito da Italia do Risorgimento e a realidade dunha nación débil.
 - Emigración cara ás cidades ou a América.
 - Auxe de sociedades económicas delictivas.
 - Reclamación de territorios de poboación italiana (Trentino, Trieste, Istria, Alto Adigio).

3.3.2. Alemaña

- 1815: Congreso de Viena ⇒ Conf. Xermánica: 39 Estados cunha DIETA federal (Presidente: Emperador de Austria).
- Raíces intelectuais:
 - HERDER: *Volkgeist* (alma do pobo).
 - FICHTE: Superioridade histórica do pobo xermánico.
 - HEGEL: Necesidade histórica do Estado alemán.
- Raíces económicas: 1834- *ZOLLVEREIN* → Unión aduaneira liderada por Prusia.
- 2 prantexamentos de unificación → Gran Alemaña: todos os pobos de cultura xermánica encabezados por Austria.
 - Pequena Alemaña: arredor de Prusia (1862: Bismarck chanceler)

- Fases:

- ♦ GUERRA DOS DUCADOS (1864)
 - Austria e Prusia fronte a Dinamarca incorporan Schleswig e Holstein.
- ♦ GUERRA AUSTRO-PRUSIANA (1866)
 - Austria rexeita a proposta prusiana dun Parlamento alemán.
 - Bismarck atrae a Rusia (inimiga de Austria nos Balcáns) e Francia está ocupada en Italia.
 - Vitoria austriaca en Italia pero é derrotada por Prusia (Sadowa) → mellor exército e tácticas.
 - Confederación Alemana do Norte (23 Estados).
 - ↳ Borrador de Constitución.
 - ↳ Sufraxio universal para o Reichstag.
 - ↳ Creación dunha segunda cámara (Bundesrat) de representación dos Estados.
- ♦ GUERRA FRANCO-PRUSIANA (1870)
 - París declara a guerra a Berlín (pretexto: candidatura Hohenzollern ao trono español).
 - Clara superioridade prusiana: rapidez, infraestrutura, homes, estratexia.
 - Reacción patriótica antifrancesa ⇒ estímulo da unificación dos alemáns.
 - Derrota francesa en SEDÁN ⇒ Avance alemán cara a París.
 - Proclamación do Imperio Alemán en Versalles (1871) ⇒ **II IMPERIO**.
 - Incorporación de Alsacia e Lorena a Alemaña ⇒ Problemas no futuro.

- Consecuencias:

- ✗ O rei de Prusia será Emperador de Alemaña.
 - ✗ O exército prusiano é unha máquina de guerra.
 - ✗ Densa rede de transportes.
 - ✗ Industria estimulada polo crecemento do mercado exterior.
- } ⇒ Aparición dunha gran potencia

- Diplomacia bismarckiana → Obxectivo: manter illada a Francia.

→ Sistemas de alianzas aproveitando a desconfianza e enfrontamentos entre potencias.

4. EUROPA DANUBIANA E BALCÁNICA**4.1. O IMPERIO AUSTROHÚNGARO**

- Complexidade étnica ⇒ Enfrontamentos e reivindicacións nacionalistas.
- Importancia do movemento nacionalista húngaro ⇒ Proclamación fracasada de independencia (1849).
 - ⊗ 1867: División do Imperio en dúas partes autónomas con un mesmo exército e un Emperador-Rei.
 - ↳ Monarquía dual ou Imperio Austro-húngaro.
- Monarquía constitucional con moito poder no emperador e Parlamentos bicamerais en cada zona.
- Problema das nacionalidades polas minorías non recoñecidas ⇒ Dominio da elite xermana ou húngara.
 - ⇒ Manipulación segundo os intereses gubernamentais.

4.2. EUROPA BALCÁNICA

- S.XIX: Redución do territorio do Imperio Turco en Europa.
- Balcáns → Zona en conflito polos intereses das grandes potencias.
 - Independencia de novos países - 1861: Romanía.
 - 1878 - Independencia plena de Montenegro, Serbia e Romanía.
 - Bosnia-Herzegovina administrada por Austria-Hungría.
 - 1908: Bulgaria.

As guerras balcánicas

- Inicio do S. XX → Intereses austríacos na zona.
 - Rivalidade Serbia/Austria-Hungría.
 - Austria sen colonias e sen saída ao mar ⇒ Importancia da penetración económica nos Balcáns.
 - Entendemento austro-ruso → Rusia acepta manter o Imperio Turco.
 - Alemaña organiza o exército turco e aumenta a penetración financeira.
 - 1903: Cambio de dinastía en Serbia ⇒ A financiación do ferrocarril cambia de capital austríaco a capital francés.
 - Enemistade serbia → Corta o comercio de produtos austríacos cara o SE.
 - ↳ → Corta o ferrocarril construído polos austríacos ata Salónica.
 - Austria-Hungría decide a incorporación de Bosnia-Herzegovina.
 - 1908: Golpe de Estado en Turquía dos *Mozos Turcos* que derrocan ao sultán Abdul Hamid ⇒ Refs. Constitucionais.
 - ⇒ Modernización do Imperio.
- Debilidade turca ⇒ **1908:** Austria-Hungría invade Bosnia-Herzegovina.
- ↳ Posible guerra pero: ✗ Francia non apoia a Rusia.

✕ Alemaña presiona para impedir o conflito.

- 1911: Italia reclama Libia → Ocupación.

↳ 1912: Illas do Exeo.

- **1912: 1ª GUERRA BALCÁNICA** ⇒ Liga Balcánica (Serbia, Bulgaria, Grecia) + Rusia contra Turquía → vencida.

↳ Paz de Lausana ⇒ Turquía cede a Italia Libia e as illas do Dodecaneso.

↳ Tratado de Londres ⇒ Turquía reconece a independencia de Albania.

↳ Turquía reducida a Constantinopla e estreitos.

} Desacordo no reparto

- **1913: 2ª GUERRA BALCÁNICA** ⇒ Serbia e Grecia contra Bulgaria.

↳ Tratado de Bucarest → Bulgaria devolve: territorios a Turquía, parte da Dobrudja a Rumanía, Tracia a Grecia, Macedonia a Serbia.

- Situación creada:

- Engrandecemento de Serbia → Obstáculo para as comunicacións austríacas.
- Italia e Austria (da Triple Alianza) disputan polo Adriático e Albania.
- Rusia teme a vitoria de Austria sobre Serbia e a súa conversión en 1ª potencia balcánica.